

Estimados Sres.:

Ante a próxima finalización do curso 2014-2015 dirixímonos a Vdes. para achegarlles información sobre o calendario previsto para os meses de xuño, xullo e setembro, no que se inclúen datas de sesións de avaliación, entrega de boletíns, período de reclamacións, exames de setembro, prazos de matrícula para o próximo curso, e outros datos que poden resultar do seu interese.

Así mesmo, recollemos os criterios de PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO, BAC. E ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL.

Aproveitamos a ocasión para saudalos e quedar á súa disposición.

O EQUIPO DIRECTIVO

PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA E.S.O.

A Orde da Consellería de Educación do 21 de decembro de 2007 (DOG do 07 de xaneiro) establece os novos criterios de avaliación, promoción e titulación na ESO que se aplica dende o curso 2008–09 e que se resume a continuación:

Haberá probas extraordinarias de setembro para as materias non superadas na avaliación final ordinaria (xuño).

PROMOCIÓN:

1. Cando, trala celebración de ditas probas extraordinarias de setembro, o número de materias suspensas (sumando as suspensas do curso e as pendentes de cursos anteriores) sexa superior a dúas, o alumno repetirá curso na súa totalidade. Cada curso só se poderá repetir unha soa vez e só dúas veces na etapa.
2. Se o alumno promociona con materias suspensas, ditas materias terán carácter de pendentes e deberá recuperalas.

TITULACIÓN:

“Titularase o alumnado que aprobe tódalas materias da ESO. Tamén poderá titularse aquel que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, teña unha ou dúas materias suspensas, e excepcionalmente tres, sempre que o equipo docente que imparte no grupo o decida por maioría simple”. O claustro de profesores deste Centro recomenda aos seus

membros que para a toma da decisión se teña en conta que non haxa abandono da materia, unha actitude negativa na mesma ou ausencias inxustificadas.

ENSINANZAS DE F. P. BÁSICA DE MANTEMENTO DE VEHÍCULOS.

Trátase dunhas ensinanza imprantadas no curso 2013-2014 ao amparo da nova Lei Educativa LOMCE. Están dirixidas ao alumnado que non pode conquistar os obxectivos da ESO polos procedementos ordinarios e están reguladas pola **ORDE DE 5 DE AGOSTO DE 2014 e a ORDE DE 14 DE AGOSTO DE 2014**. O alumnado para cursar estas ensanzas ten que cumprir determinadas condicións.

Para o vindeiro curso imprantarase o 2º curso e o 1º curso se se acada o mínimo de 8 alumnos/as que precisa a lei.

Aínda que estas ensanzas están reguladas pola normativa de F.P., o alumnado ten dereito a dúas convocatorias anuais en cada curso. (**HAI CONVOCATORIA DE SETEMBRO**).

CUALIFICACIÓNS E PROMOCIÓN NO BACHARELATO:

- Enteiros de 0 a 10. P=Pendente coa mesma denominación ou progresiva. EX=Exento. NP=Non Presentado.
- O alumnado de 1º con tres ou máis materias suspensas repite curso.
- O alumnado con tres ou catro materias avaliadas negativamente no primeiro curso de bacharelato manterá a cualificación obtida anteriormente na mesma materia cando a nova cualificación sexa inferior. Este alumnado estará suxeito aos mesmos dereitos e obrigas que o alumnado que se matricula por primeira vez no bacharelato e a cualificación de materias xa superadas outorgarase na avaliación final ordinaria.
- O alumnado de 2º, en caso de repetir, repetirá só coas materias suspensas, independentemente do número de suspensos. As que aprobe estarán xa aprobadas e non se matriculará delas.

Poderán matricularse de todas as materias de segundo, logo de solicitude á dirección do centro, coa finalidade de mellorar as súas cualificacións. A escolarización deste alumnado repetidor en ningún caso poderá implicar un incremento de grupos.

ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Segundo a *ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensanzas de formación profesional inicial*, o alumnado poderá ser avaliado dun mesmo módulo profesional un máximo de catro convocatorias, con independencia do réxime ou a modalidade que se curse.

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo de alumnado, polo que ten un carácter continuo. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total.

A cualificación dos módulos profesionais será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Consideraránse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais.

Cando un alumno/a non logre a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

CALENDARIO PREVISTO PARA XUÑO, XULLO E SETEMBRO

Xuño:

3ª avaliación ordinaria e final de ESO, 1º BAC, FP BÁSICA e Ciclos Formativos 22 e 23 de xuño. **PUBLICACIÓN DAS NOTAS NA TARDE DO 23 DE XUÑO.**

Entrega de boletíns nas aulas: 24 de xuño ás 10:00 h.

Reclamacións: días 24 e 25 de xuño, de 10:00 a 12:00 horas.

Setembro:

Exames ESO, FP BÁSICA e BACHARELATO: materias do curso e pendentes: 1, 2 e 3 de setembro.

Avaliación extraordinaria: 4 de setembro durante a mañá.

Exposición pública de notas: día 4 de setembro pola tarde

Reclamacións: días 7 e 8 de setembro de 10:00 a 12:00 horas

Exposición pública de notas de **2º Bacharelato o día 4 de setembro pola tarde.**

Reclamacións de 2º de Bacharelato os días 7 e 8 de setembro de 10:00 a 13:00 horas.

DATAS DE MATRICULA ESO e BACHARELATO CURSO 2015-16

CONVOCATORIA ORDINARIA (só para alumnos que superan todo o curso en xuño)

CURSOS	DATAS
1º ESO	7 e 8 DE XULLO
2º ESO	26 DE XUÑO
3º ESO	29 DE XUÑO
4º ESO	2 DE XULLO
1º BACH	3 DE XULLO
2º BACH	6 DE XULLO

DATA DE ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS:

Período ordinario de admisión

Presentación de solicitudes: Do 17 de xuño ao 2 de xullo ás 13:00 horas

Período extraordinario de admisión

Do 1 ao 12 de setembro.

DATAS DE MATRÍCULA ESO e BACHARELATO CURSO 2015-2016.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA.

- **1º curso de BACHARELATO:**
 - 9 DE SETEMBRO ÁS 09:30 H.

- **2º curso de BACHARELATO:**
 - 9 DE SETEMBRO ÁS 11:30 H.

- **4º curso da ESO:**
 - 9 DE SETEMBRO ÁS 13:00 H.

- **3º curso da ESO:**
 - 10 DE SETEMBRO ÁS 10:00 H

- **1º curso da ESO:**
 - -11 DE SETEMBRO ÁS 09:30 H

- **2º curso da ESO:**
 - 11 DE SETEMBRO ÁS 10:30 H

EXAMES DE SELECTIVIDADE:

16, 17 e 18 DE SETEMBRO

RECLAMACIÓN : 4 e 7 DE SETEMBRO

ACTO DE GRADUACIÓN DE 2º DE CICLOS FORMATIVOS E DE 2º DE BACHARELATO:

**O xoves, día 18 de xuño ás 19 horas no salón de actos do IES con entrega das orlas e agasallo conmemorativo.
A continuación ofreceranse aos pais/nais do alumnado e ao profesorado asistente uns aperitivos no patio cuberto.**

CALENDARIO DE EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO 2015

PROBAS SETEMBRO 2015

	Martes 1	Mércores 2	Xoves 3
8:45 – 10:30	Castelá (todos) Ámbito (Castelá) FPBás (Castelá)	Galego (todos)	Matemáticas (todos) Mate Ap 1º Bac Ámbito (Mate) Xeografía 2º Bac FPBas (Sociais)
10:45 – 12:30	Inglés (todos) FPBás (Inglés)	Hª Arte 2º Bac Economía 1º e 2º Bac Bio e Xeo 3º Ptes Bio e Xeo 3º (4º) CTA 2º Bac Ámbito (Bio e Xeo) FPBás (MESol)	Bio e Xeo 1º Bac Bio e Xeo 4º Bioloxía 2º Bac Tecnoloxía 1º Bac Tecnoloxía 3º, 4º C Naturais 1º e 2º ESO Grego 1º Bac FPBas (Amóviles)
12:45 – 14:30	Hª de España 2º Bac Sociais (todos) HMC 1º Bac Ámbito (Sociais) Deb. T. 2º Bac F e Q 4º Fe Q 3º FPBás (Ciencias) Ptes F e Q 3º (4º)	Filosofía 1º e 2º Bac Ética 4º Cidadanía 2º ESO FPBás (Presu)	F e Q 1º Bac Física 2º Bac Mate Ap 2º Bac Latín 1º e 2º Bac, 4º Ámbito (F e Q) Tecnoloxía 4º ESO A Tecnoloxía 2º ESO FPBas (Matem)
16:00 – 17:45	Plástica (todos) Deb. T. 1º Bac TIC 1º Bac	MEN 2º Bac LGA 2º Bac Lun 2º Bac CMC 1º Bac Informática 4º IPMe 4º	Francés (todos)
18:00 – 19:30	Ptes Inglés	E. F. (todos)	Música (todos)

NOVA LEI EDUCATIVA LOMCE

Entrará este curso vindeiro nos cursos impares e para o próximo curso no resto.

1º DA ESO:

Hai unha hora máis de Matemáticas (5), As Ciencias Naturais pasan a chamarse Boloxía e Xeoloxía (sen contidos de Física e Química), desaparece o Proxecto Interdisciplinar e aparece unha materia de libre configuración que no noso caso é “Reforzo de Inglés”; esta última materia será alternativa á Relixión.

3º DA ESO:

Igual que na LOE, salvo que só hai dúas optativas: Francés e Cultura Clásica. Ademais as Matemáticas divídense en 2 itinerarios: un conducente a estudos de Bacharelato e outro a Ensinanzas Aplicadas (F.P.).

1º DE BACHARELATO:

É onde hai máis cambios, consultar no centro.

En Curtis, a 19 de maio

de 2014

A XEFA DE

ESTUDOS

Asdo: Yolanda

Suárez Martínez